

Recuperando o Apalpador: o mítico personaxe que mora nas montañas orientais

Nos últimos anos, grazas ao traballo de José André López González, nas vilas de Galiza estase a recuperar o mítico personaxe do Apalpador, un personaxe que vivía nas altas montañas das serras orientais de Galiza e que nos días do inverno baixa ás aldeas e vilas dos vales para apalparlles a barriguiña ás meniñas e aos meniños por ver se comeran ben durante todo o ano, achegándolles castañas e agasallos feitos a man.

O Apalpador, de profesión carboeiro, mora nas devesas das montañas do Caurel e outras serras orientais da Galiza e caracterízase fisicamente por ser un xigante bonachón que viste boina e traxe esfarrapado e con remendos, fuma en pipa e se alimenta con bagas salvaxes e os porcos bravos que caza no monte.

Nestes tempos de Nadal consumista, o Apalpador recupera unha figura da nosa tradición relacionada co Pai Inverno e mesmo co propio Papá Noel, propia dos pobos preindoeuropeos e espallada por toda Europa, quizais relacionada cos ancestrais cultos á divindades do Inverno, protectores das colleitas e do gando, mais que por influencia do cristianismo foi desaparecendo paseniño. Recuperar o Apalpador é, xa que logo, un acto de reivindicación da memoria do noso país, das nosas tradicións; é un acto de defensa da nosa identidade fronte á uniformización imposta por un Papá Noel mediático e desarraigado. Recuperar o Apalpador, ademais, é un acto de reivindicación dun consumo solidario e responsable.

ENLACES:

- A Lenda: http://pglingua.org/pdfs/20081107_gentalha_o_apalpador.pdf
- Material para a recuperación da figura do apalpador: <http://galiza.indymedia.org/media/2009/12//21757.pdf>
- Escolma de actividades: <http://www.apalpador.net/>
- Páxina oficial do apalpador: <http://www.vieiros.com/vieiros-da-escola/index.php?id=8>
- Modelos de cartas e láminas do Apalpador: <http://www.apalpador.com/parabaixar>
- Nova: <http://www.vieiros.com/nova/71036/ai-ven-o-apalpador>
- Estudo sobre a figura do apalpador: http://www.pglingua.org/images/stories/pdfs/2008/20061231_o_apalpador_jose_andre_lopez.pdf

XOGO

- Caza do tesouro para 1º ciclo de primaria: http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/phpwebquest/caza/soporte_tablon_c.php?id_actividad=15&id_pagina=1

CONTO

- Conto e poema do apalpador: http://agal-gz.org/blogues/index.php/gent/2007/12/24/polo_natal_chega_o_apalpador
<http://caracolatola.blogspot.com/2009/11/o-apalpador.html>

VIDEO

- Visita do Apalpador a Compostela: <http://www.youtube.com/watch?v=wqdsx5QbH40>